

Desde hai un tempo, toda conversa, arredor da construción e o urbanismo, antes ou despois, remata falando das súas maravillosas propiedades. Nos últimos anos, comezaron entrando, silandeiros, pola porta traseira dalgúns fincas privadas. Accesos aos garaxes ou pequenos carreiros nos xardíns. Mais, paseniño, foron incorporándose ao espazo público. Ao seu favor, conta o doado mantemento, ademais de limitar, visualmente, o casco urbano das pequenas vilas, configurando unha contorna máis cálida e compacta. O seu pequeno tamaño permítelle amosar as súas calidades ornamentais, debuxando, no chan, ondas e ritmos que rachan coas aborrecidas cuadrículas. Mais, o realmente importante é que obrigan a un control natural da velocidade dos vehículos. Se sumamos, tamén, o peso da súa imaxe nostálgica e conservadora, entendemos o xeral entusiasmo polo modesto lastro como un excelente modelo de pavimento urbano. Mais, este interese non é novo, pois os lastros aparecen e desaparecen, unha e outra vez, no inestable curso da historia. E cando desaparecen, desencadéanse consecuencias impredecibles a medio e longo prazo. Sempre. Ou se non, mirade o exemplo de Gondomar. Nos primeiros anos oitenta do século pasado, o Concello tivo a desafortunada idea de soterralos baixo xenerosas capas de asfalto, convertendo o trazado urbano nun excelente circuíto para a pilotaxe extrema. Daquela, lembro unha carta do arquitecto Antonio Soliño ao director de Faro de Vigo, na que argumentaba a súa irreparable descrenza no progreso. Nin caso. En pouco tempo, nunha colorida e tardeira primavera pop, floreceron as sinais de limitación da velocidade, as liñas brancas, vermellas e amarelas, os pasos de cebra, os luminosos avisos previos ao paso de cebra, as correspondentes sinais azuis de paso de cebra, a elevación do piso dos pasos de cebra, os semáforos en laranxa intermitente, os aparcamentos en batería, os aparcamentos en dobre fila, ademais de valos publicitarios, carteis e pancartas, enfastiosas panxoliñas chamando ao Nadal, e outros artificios inventados polo home. Nun tento de controlar o abraiante despregue, a Policía Local, ben fornecida de medios humanos e materiais, e disfrazada cun severo toque paramilitar, substituíu á vella Policía Municipal, moi desacreditada no seu compromiso conservador. Nun pulo coherente, chegaron os bloques de pisos, as urbanizacións de chalets adosados, a inmigración metropolitana, o asedio ao Pazo do Conde, a escultura de Buciños, o polideportivo, as novas circunvalacións coas súas rotondas, e, recentemente, o escintilante céspede artificial dos campos de fútbol. Nin Rappel foi quen de predicir todo iso. Abofé que o progreso, unha vez liberado da sutil represión dos lastros, medra dun xeito exponencial. **Un humilde prisma de pedra que ofrece amplas posibilidades á imaxinación, e mesmo, se cadra, lévaa ao poder.**

O lastro cheira a cultura e civilización. Aínda que, como material construtivo, ven de moito tempo atrás, ese cultivado verniz ten unha clara orixe decimonónica e ilustrada. O lastro converteuse nunha icona da revolta urbana, e por extensión, de toda protesta popular que mereza tal nome, desde que, na metade do século dezanove, a Comuna parisina deu en utilizalo, profusa e artisticamente, na construción de barricadas. Un uso que co tempo, e a experiencia desenvolvida e acumulada, afianzouse nas revoltas estudantís do ano 68. Xa sabedes, ese ano no que todo o mundo estaba en París, se atendemos a declaracións posteriores. Eu non. Non porque sexa máis honesto e sincero que outros, senón porque, daquela, só tiña seis anos, e cústame máis vender a película. Aínda así, defendo a tese de que o carácter militar e revolucionario dos lastros, foi a verdadeira causa da súa paulatina desaparición das rúas. O Poder, en maiúsculas, é moi perspicaz. Sen decatarnos, foi soterrando, baixo grosas capas de

formigón e asfalto, o revoltosa icona, mentres enarboraba as bandeiras da modernidade e o progreso. Mais, todo símbolo auténtico remata, sempre, saíndo á superficie, aínda coas escusas mais térreas, banais e pacíficas.

Como nas cidades antigas, destruídas polos bárbaros, non queda unha soa pedra por remexer.

Semella que faltábanos moita humanidade, se observamos o xeral frenesí en rúas e prazas. En todos os sitios deron en substituír, tamén, os vellos perpiaños por pizarras, finas lousas de pedra porosa, ou polos máis autóctonos lastros de formigón. Coa conseguinte redución do grosor e calidade dos materiais, e a exponencial subida dos prezos. Todo pode suceder nun deporte que, a cotío, gaña entusiastas adeptos nas máis altas instancias dos Concellos. Mais, non esquezamos que esta superestrutura do remendo, de emendar vellos erros con novos parches, produce cartos a esgalla. Dun xeito ininterrompido. Xa é máis discutible se interveñen positivamente na distribución da riqueza. Eu diría que consolidan a concentración. Un entende, entón, a indecisión da xente, expresada nesa humana mestura de indiferente acollida e carraxe crónica. Todo progreso ten as súas peaxes e comisións. Como calquera outra fe. Demos, pois, unha nova oportunidade aos lastros, modelo de paisaxismo urbano, culto e civilizadamente conservador. Que permanezan, no noso chan, moitos anos. Ata á próxima revolución.